

2.—A venda ambulante unicamente poderá levarse a cabo en mercados periódicos ou ocasionais, anexos a mercados fixos ou en postos instalados na vía pública que sexa desmontables ou en vehículos.

ARTIGO 3.—MODALIDADES DE VENDA AMBULANTE

1.—A venda ambulante unicamente poderá levarse a cabo baixo algunha das seguintes modalidades:

- Venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados situados en poboación, en lugares e espazos determinados e cunha periodicidade habitual establecida.
- Venda ambulante en mercados fixos: aquela autorizada en lugares anexos ós mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións.
- Venda ambulante en postos instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións, e perfodos determinados.
- Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos que teñan lugar con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.
- Venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda: Aquela realizada nos citados medios e autorizadas en zonas ou lugares determinados.

2.—Non se consideran venda ambulante:

- As actividades comerciais reguladas pola lei 1/1996, do 5 de marzo, de actividades feirais de Galicia.
- Venda directa exercida polos agricultores, no seu termo municipal, ou nos termos límitrofes, limitada a súa propia producción.
- Venda de obxectos de artesanía realizada polos propios produtores, con motivo, de festas, feiras e acontecementos populares.
- Venda puramente ocasional de xornais, plantas e flores, así como de obxectos usados de pertenza particular do vendedor.

ARTIGO 4.—DAS INSTALACIÓNNS

As instalaciónns deberán cumplir os requisitos para venda ambulante en mercados periódicos, e ademais cos que de seguido se sinalan:

- As instalacións serán desmontables, respectando as esixencias de tamaño estipuladas por este Concello.
- Ocuparase estritamente o lugar asignado e respectarase o horario establecido.
- Os titulares das concesións situaranse correlativamente no lugar de venda que lles sexa asignado e identificarán claramente a titularidade da concesión mediante exhibición dos documentos en vigor, expedidos polas administracións municipal e autonómica, que acreditan a autorización para a venda ambulante.

A observancia das esixencias particulares que marca a Ordenanza non exime do cumprimento dos requisitos que a normativa actual vixente impón a venda ambulante en xeral.

Tódalas instalaciónns deberán cumplir cantos requisitos legais establezan referente á seguridade, decoro e hixiene, correspondendo as autoridades sanitarias competentes establecer as condicións hixiénico sanitarias a cumplir.

ARTIGO 5.—COMPETENCIAS DO CONCELLO

1.—Os Concellos determinarán os lugares, dimensións, días, horario e frecuencia da venda ambulante (ANEXO) tenda en conta os seguintes aspectos:

- Nivel de equipamento comercial da zona.
- Densidade de tráfico e circulación, incluída a peonil.
- Acceso a locais comerciais e industriais, ós seus escaparates ou exposicións.
- Acceso ós edificios de uso público
- Condicóns para garantí-la debida sanidade e hixiene.

SALCEDA DE CASELAS

E D I C T O

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora do comercio ambulante e o seu Anexo no Concello de Salceda de Caselas.

O Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en sesión celebrada o día 29 de agosto do 2008, aprobou inicialmente modificar a Ordenanza municipal reguladora do comercio ambulante e o seu Anexo.

O expediente e a Ordenanza estiveron expostos ó público mediante anuncios inseridos no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia nº 174 do 9 de setembro do 2008, polo prazo dun mes, para alegacións e suxerencias.

Rematado o prazo de información pública, sen que se produciña ningunha reclamación, faise pública a automática aprobación definitiva da devandita ordenanza aos efectos da súa entrada en vigor e aplicación a partir do día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, así como o texto íntegro da mesma, que de seguido se inserta, en cumprimento do disposto nos artigos 49.c) e 70.2 da Lei 7/1985, de dous de abril, reguladora das bases do réxime local:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO COMERCIO AMBULANTE

ARTIGO 1.—OBXECTO

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da venta ambulante do Concello de Salceda de Caselas de conformidade co disposto no artigo 84.1 a) de lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e sendo competencia municipal segundo os artigos 25.2 g) e artigo 25 da Lei 10/1988, de 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia e artigo 13 do decreto 194/2001, de 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante.

ARTIGO 2.—CONCEPTO

1.—Considérase venda ambulante a realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, e instalacións desmontables ou transportables, incluíndo camións tenda.

- f) Interese dos consumidores
- g) Tradición e raizame no concello da práctica da venda ambulante.

2.—O Concello determinara os produtos obxecto de comercialización en cada caso e exercerán o debido control sobre estes, especialmente o de carácter hixiénico-sanitario sobre os produtos alimenticios perecedoiros.

ARTIGO 6.—REQUISITOS PARA O EXERCICIO DA VENDA AMBULANTE

1.—O vendedor ambulante deberá posuir os seguintes documentos para poder realiza-la súa actividade:

- a) Estar dado de alta e ao corrente no pagamento do imposto de actividades económicas.
- b) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pagamento das cotizaciones en tal réxime.
- c) Estar inscrito no Rexistro de comerciantes ambulantes de Galicia e disponer do correspondente documento acreditativo.
- d) Estar debidamente identificado como comerciante ambulante na forma que se establece no Decreto 194/2001, de 26 de xullo, de ordenación de venda ambulante.
- e) No caso de estranxeiros, acreditar o cumprimento da normativa específica vixente.
- f) Cumprir as condicións e requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos que sexan obxecto de venda.
- g) No caso de vendedor de alimentos, estar en posesión do carné de manipulador de alimentos.
- h) As persoas xurídicas acreditación de ter presentado no Concello escritura de constitución e inscrición nos rexistros correspondentes así como os datos do seu representante legal.
- i) Estar ao corrente no pago das distintas obrigas tributarias no Concello de Salceda de Caselas, e, en especial, das obrigas derivadas da autorización municipal para a venda ambulante en exercicios precedentes.
- j) Documento probatorio do pago da taxa correspondente para o exercicio no que se autoriza a venda ambulante.
- k) Disponer da correspondente autorización municipal.

2.—Previamente presentará, no prazo que se sinale, solicitude na que cumplimentará nome e apelidos, domicilio, número do documento que acredite a identidade do solicitante, teléfono de contacto, mercadoría ou mercadorías que vai por a venda e metros que pretende ocupar, acompañando á mesma, de entre os establecidos no punto anterior, aqueles xustificantes que acrediten os requisitos necesarios para a concesión da autorización.

Así mesmo, acompañará no caso de persoas físicas:

- Fotocopia do documento de identidade, no caso de non ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, fotocopia do pasaporte e permisos de residencia e traballo por conta propia, conforme a lexislación vixente.
- Fotocopia da tarxeta que acredita ao solicitante para a venda ambulante.
- Fotocopia do Carnet de manipulador de alimentos, no caso de solicitude para a venda de produtos alimenticios.
- Dúas fotografías tamaño carné do solicitante e, no seu caso, persoas autorizadas.

Si o solicitante fora unha persoa xurídica aportará:

- Identificación do representante legal e fotocopia do seu documento de identidade
- Copia da escritura de constitución.
- Certificación de inscrición no rexistro correspondente.
- Fotocopia da tarxeta que acredita ao solicitante para a venda ambulante.

- Fotocopia do Carne de manipulador de alimentos, do persoal empregado, no caso de solicitude para a venda de produtos alimenticios.
- Fotocopia do DNI e dúas fotografías tamaño carné das persoas que autoriza a entidade.

ARTIGO 7.—AUTORIZACIÓN MUNICIPAL

1. O Concello outorgará a autorización municipal correspondente trala oportuna solicitude e comprobación do cumprimento dos requisitos indicados no artigo anterior, previa presentación dos mesmos. As autorizaciones outorgaranse previa solicitude dos mesmos. A autorización conterá alomenos os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos ou denominación social, domicilio e DNI/CIF do titular da autorización.
- b) Modalidade de venda ambulante que se autoriza.
- c) Determinación dos artigos que poden ser obxecto de comercialización, especificando as condicións particulares de hixiene ou seguridade especialmente necesaria para o caso.
- d) Determinación dos lugares e dimensións, así como dos días, horario e frecuencia para os que se autoriza o exercicio da venda ambulante.
- e) Determinación de persoas habilitadas para a venda baixo a dependencia do titular da autorización.
- f) Referencia á obriga de coñecer e cumpri-la normativa xeral de ordenación do comercio, a disciplina do mercado e protección do consumidor.
- g) Condicións particulares ás que, se e o caso, quede suxeito o titular da autorización.
- h) Período de vixencia da autorización.

2. A autorización municipal para o exercicio da venda ambulante será persoal e intransferible, no obstante poder facer usos dela, as persoas autorizadas.

- a) No caso de persoas naturais poderán a autorización habilitar ademais dos seu titular, ó cónxuge deste, ós seus descendentes directos maiores de 16 anos e persoas vinculadas a el mediante contrato laboral.
- b) No caso de persoas xurídicas a autorización habilitará os socios e empregados das empresas dados de alta na Seguridade Social.
- c) As sociedades cooperativas de traballo asociado, legalmente constituídas e debidamente inscritas no Rexistro de Sociedades Cooperativas da Xunta de Galicia, poderán ser titulares únicamente dunha autorización municipal, baixo a que poderán habilitar socios cooperativistas con espazo de venda asignado, de acordo ás seguintes limitacións:

- e.i) Establécese por entidade cooperativa solicitante un espazo reservado para a venda equivalente a un número máximo de postos segundo o seguinte baremo:

— As constituídas e que acrediten un número de asociados, de até 50	2 postos.
— As constituídas e que acrediten un nº de asociados de entre 51 e 100	4 postos.
— As constituídas e que acrediten un nº de asociados de entre 101 e 150	6 postos.
— As constituídas e que acrediten un nº de asociados de entre 151 e 200	8 postos.
— As constituídas e que acrediten un nº de asociados de entre 201 e mais	10 postos.

O Concello atendendo as limitacións físicas da superficie do espazo que se pretenda ocupar, previos os informes que corresponda emitir polos servizos técnicos e xurídicos da administración municipal, poderá reordenar en calquera momento o espazo asignado, sempre de acordo coas disposicións establecidas na presente Ordenanza e a lexislación xeral vixente.

- c.2) O Representante Legal da sociedade cooperativa sinalará, na solicitude de autorización municipal para o exercicio de venda ambulante, a persoas ou persoas que habilita como autorizadas para a venda no mercado de Salceda de Caselas, aportando documentación identificativa, fotocopia do DNI, de cada asociado á cooperativa que autoriza e reconoce como membro da mesma, así como a alta na Seguridade Social de cada un.
- c.3) O espazo reservado en ningún caso superará o resultado de dividir dito espazo por seis metros, que se establece como límite máximo para cada autorizado, no caso de que deseñe individualizar o espazo reservado para a venda.
- c.4) A taxa que corresponda liquidar aplicarase sobre o cómputo total de metros ocupados pola entidade titular da autorización e de acordo cos socios habilitados que se sinalen na autorización municipal, de acordo co baremo establecido anteriormente.
- d) As sociedades mercantís, legalmente constituídas e debidamente inscritas nos correspondentes rexistros mercantís até un máximo de dous (2) postos cada unha.

3.—As autorizacións terán carácter discrecional e polo seguinte poderán ser revocadas polo concello cando se considere convinte en atención as circunstancias que as motivaron, por incumprimento desta Ordenanza, así como a normativa aplicable, sen orixinar dereito de indemnización ou compensación.

4.—As licencias concederánse por anos naturais. Co conxunto de licencias constituirase o Padrón Fiscal de Venda Ambulante, no que constará a actividade, superficie autorizada e acreditación de inserción nos rexistros oficiais correspondentes.

As licencias poderán ser renovadas, previa solicitude presentada dentro do prazo que se estableza e anuncie publicamente, antes do 30 de novembro de cada ano.

5.—A taxa anual que corresponda liquidar, en aplicación da ordenanza fiscal correspondente, aboarase con independencia de que se ocupe ou non a superficie concedida mediante a licenza municipal.

6.—As licencias caducarán, automaticamente, por falta de pago da taxa.

ARTIGO 8.—EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN

As autorizacións de venta extinguiranse por:

- Termo do prazo para o cal outorgouse.
- Renuncia do titular.
- Falecemento do titular.
- Transmisión do posto.
- Sanción que conlleve a perda de autorización.
- Falta de pagamento dos tributos correspondentes.
- Perda de tódolos ou dalgún requisito esixidos para obter a autorización.
- Por revocación.
- Supresión do exercicio da venda ambulante en xeral no municipio.

A extinción polos motivos d), e), f), g) h) e i) requirirán a adopción dun acordo polo órgano competente previa audiencia do interesado por un prazo máximo de 15 días.

ARTIGO 9.—OBRIGAS DAS PERSOAS QUE EXERZAN A VENDA AMBULANTE

Os titulares das autorizacións municipais para o exercicio da venda ambulante deberán cumplir as seguintes especificacións.

- Os titulares dos postos instalarán en lugar visible, a autorización municipal da que disponan.
- Os titulares dos postos deberán satisfacer os tributos que as ordenanzas municipais determinen.
- As persoas titulares das autorizacións respectaran os lugares asignados para o exercicio da venda.
- Os desperdicios, envases, envoltorios e demais residuos ocasionados como consecuencia do exercicio da actividade comercial serán retirados polos vendedores.

ARTIGO 10.—RÉXIME SANCIONADOR

As infraccións califícanse en leves, graves e moi graves.

1.—Considéranse infraccións leves as seguintes:

- O incumprimento dalguna das condicións establecidas na autorización municipal.
- Abandono de cartóns, basuras, etc, fora dos lugares de recollida que o efecto sinale o Concello.
- Calquera outra infracción da presente ordenanza que non estea considerada como falta grave ou moi grave.

2.—Considéranse infraccións graves:

- A reincidencia en infraccións leves.
 - Os que concorran con infraccións sanitarias moi graves o suporían grave risco para a seguridade das persoas.
 - O desacato ou negativa a subministrar información á autoridade municipal, ós seus funcionarios ou axentes no cumprimento da súa misión.
 - O comercio por persoas distintas ás autorizadas.
- Son infraccións moi graves.
 - A reincidencia na comisión de faltas graves.
 - Os que concorran con infraccións sanitarias moi graves o suporían grave risco para a seguridade das persoas.
 - Carecer da autorización municipal correspondente.
 - A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e axentes da mesma, en cumprimento da súa misión.

ARTIGO 11.—DAS SANCIÓNIS

Sen perxuízo do previsto na lexislación sectorial, lei 10/1998, do 20 de xullo, de ordenación de comercio interior de Galicia, Lei 26/1994, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, o concello, de acordo co procedemento establecido no RD 1398/1993, de 4 de agosto polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora sancionará as infraccións da seguinte forma:

1.—As infraccións leves poderán ser sancionadas con apercibimento ou multa de ata 60,00 euros.

2.—As infraccións graves poderán ser sancionadas con apercibimento e multa de 60,01 euros ata 300,00 euros.

3.—As infraccións moi graves poderán ser sancionadas con multa de 300,01 euros ata 600,00 e, no seu caso, anulación de licenza municipal.

ARTIGO 12.—PRESCRICIÓN

As prescripcións das infraccións sinaladas na presente ordenanza produciránse da seguinte forma:

- As leves, ós seis meses.
- As graves, ós dous anos.
- As moi graves ós tres anos.

A prescripción comezará a computarse dende o día que se comezará a infracción, ou no seu caso, dende aquel en que se incoase o procedemento. Interrromperá a prescripción, a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, restablecéndose o prazo de prescripción si o expediente estivera paralizado por máis dun mes por causa non imputable o presunto responsable.

ARTIGO 13.—VIXILANCIA E CONTROL

1.—O Concello exercerá a intervención administrativa, as funcións de autoridade, policía e inspección en todos aqueles postos situados no mercado, sen perxuízo do labor inspector doutras administracións competentes nas materias relacionadas co mercado. A tal efecto o Concello poderá esixir aos titulares de autorizacións municipais para a venda ambulante, ao menos dúas veces ao ano, acreditación de estar ao corrente nas cotizacións sociais e demás obrigas tributarias.

2.—Correspóndeelle aos efectivos da Policía Local a vixianza do mercado. Así mesmo coídarán de que cada adxudicatario ocupe o espazo que lle corresponda, segundo a autorización municipal da que disponña, e de asignar os vacantes á quem deseñe ocupalos por un día, previa comprobación de que solicitou autorización puntual e realizou o pago da taxa que proceda aplicar

mediante o comprobante de ingreso que deberá de poñer de mani-festo aos axentes actuantes.

3.—Advertida a instalación de posto ou postos sen previa autorización municipal procederáse, seguindo as prescripcións legais que proceda aplicar, á retirada dos ditos postos de venda ambulante e ao depósito dos elementos e mercadorías, xéneros, efectos ou produtos nas dependencias da Policía Local, ou, no seu caso, no lugar que se determine. Poderán ser recuperados os elementos e mercadorías, xéneros, efectos ou produtos retirados, previo pago das cantidades correspondentes aos gastos de traslado e depósito que proceda aplicar.

ARTIGO 14.—MERCADO SEMANAL

A ordenación e funcionamento do mercado semanal adecuase ao establecido no Anexo que se inserta a continuación: Anexo. Regulación específica do mercado de Salceda de Caselas.

En todo o que non estea previsto no citado anexo rexerá o establecido na presente Ordenanza municipal reguladora do comercio ambulante.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor e será de aplicación, unha vez aprobada con carácter definitivo polo pleno do concello, o día seguinte da súa publicación no boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

REGULACIÓN ESPECÍFICA DO MERCADO DE SALCEDA DE CASELAS

O mercado semanal na "Praza da Esfarrapada" de Salceda de Caselas, conta con antecedentes históricos que se remontan ao século XIX e mantén na actualidade o seu carácter tradicional, celebrándose tódalas cuartas feiras, é dicir, os mércores de cada semana.

Co obxecto de acadar a súa mellor ordenación e funcionamento establecécese a seguinte regulación específica:

PRIMEIRO.—PERIODICIDADE E HORARIO

a) *Periodicidade*.—Establécese unha periodicidade semanal para a celebración do mercado, sinalando a tal efecto tódalas cuartas feiras, e dicir, os mércores de cada semana.

Anticiparase ao día anterior cando o mércores coincida en festivo ou ao seu precedente si ese día tamén fose festivo.

b) *Horario*.—O horario ao que se axustará o funcionamento do mercado será o seguinte:

- Das 7.00 ás 9.00 horas.—Entrada de comerciantes ao mercado, cos vehículos de transporte e instalación dos seus postos de venda.
- Das 9.00 ás 14.00 horas.—Período para a venda de mercadurías e retirada dos postos.

SEGUNDO.—EMPRAZAMENTO E TIPO DE MERCADURIAS A VENDA

O mercado ocupará a Praza do Concello e a Rúa Pontevedra, onde se instalarán os postos cos tipos de mercadurías á venda de acordo coa seguinte distribución:

- Na Praza do Concello:
 - Artigos de textil e confección / Calzado, peles e artigos de coiro /
 - Artigos de droguería e cosméticos / Outras clases de mercadurías - n.c.o.p.
- Na Travesía r/ Pontevedra á Praza do Concello:
 - Plantas, flores, semillas e outras mercadurías.
- Na Rúa Pontevedra: Produtos alimenticios.

TERCEIRO.—DIMENSIÓN DOS ESPAZOS ASIGNADOS PARA A VENDA

a) Cada titular de autorización municipal para o exercicio da venda ambulante no mercado disporá dun espazo reservado para a instalación do posto ou postos nos que a expo e vender as súas mercadurías; a súa dimensión, con carácter xeral, terá unha lonxitude de seis metros.

b) Os interesados en obter autorización municipal para a venda ambulante no mercado, no caso de precisar unha maior ou menor dimensión do espazo reservado con carácter xeral, farán constar tal circunstancia na súa solicitude.

c) O Concello a vista das solicitudes presentadas, previos os informes técnicos e xurídicos que corresponda emitir, e na aplicación do disposto con carácter xeral na Ordenanza municipal reguladora do comercio ambulante, en especial no seu articulo 7, acordará o que proceda e tendo en conta que o número de autorizaciones quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos nos que se empraza o mercado.

CUARTO.—DISTRIBUCIÓN DE ESPAZOS

a) A distribución dos espazos autorizados, unha vez obtida a correspondiente Licenza Municipal, corresponderá aos membros da Policía Local, de acordo coas instruccións da Autoridade pertinente.

b) Os axentes da Policía Local exercerán, de acordo coas instruccións da Autoridade pertinente, o control do mercado aos efectos de garantir que cada adxudicatario ocupe o espazo reservado ao que ten dereito coa ocupación do posto ou postos, segundo a dimensión que lle fora concedida pola autorización municipal; e, así mesmo, informar das posibles vacantes e si existen interesados en ocupalas puntualmente.

c) Os axentes da Policía Local no caso de existir espazos vacantes e vendedores ambulantes solicitando obter licenza puntual para instalar un posto, porán en coñecemento do interesado o seguinte:

— Que debe formular solicitude expresa nas oficinas municipais, dando conta da súa pretensión mediante a cumplimentación do impresu correspondente.

— Que debe aportar a documentación acreditativa para o exercicio da venda ambulante.

— Que debe obter a liquidación que corresponda en aplicación da taxa en vigor e realizar, con carácter previo á instalación do posto, o ingreso das cantidades liquidadas na conta bancaria que se lle sinale pola tesorería municipal, facilitando a efectos de comprobación o documento que acredeite o pago unha vez realizado.

d) Os axentes da Policía Local, no exercicio das súas funcións de control e vixianza, en ningún caso permitiran a instalación de postos que non contén con licenza municipal para a ocupación de espazo público, tanto de carácter anual como puntual por un día.

Advertida a instalación de posto ou postos sen previa autorización municipal procederán, seguindo as prescripcións legais que proceda aplicar, á retirada dos ditos postos de venda ambulante e ao depósito dos elementos e mercadorías, xéneros, efectos ou produtos nas dependencias da Policía Local, ou, no seu caso, no lugar que se determine.

Poderán ser recuperados os elementos e mercadorías, xéneros, efectos ou produtos retirados, previo pago das cantidades correspondentes aos gastos de traslado e depósito que proceda aplicar.

QUINTO.—OBRIGAS DOS VENDEDORES

Os titulares das autorizacións municipais para o exercicio da venda ambulante no mercado de Salceda de Caselas obríganse ao cumprimento íntegro do establecido, con carácter xeral, na Ordenanza municipal reguladora do comercio ambulante, e, en especial o disposto no seu artigo 9, e así mesmo, a:

- Instalar os postos de venda no espazo asignado polo Concello.
- Expoñer os seus datos de identificación e a tarxeta que acredita a condición de vendedor ambulante, así como ter a disposición o documento no que conste a correspondente autorización municipal.
- Durante a xornada comercial, a manter limpo e debidamente acondicionado o espazo que lles fora asignado e a non utilizar altofalantes nem vociferar os produtos dispostos para a venda, nem os seus prezos.
- No final da xornada comercial, a depositar nos colectores dispostos a tal fin os embalaxes e demás elementos desbo-

tados para lixo, así como a limpar de refugallos os respectivos espazos.

- Acatar as normas que estableza o Concello para a mellor ordenación e funcionamento do mercado.

**SEXTO.—TRÁNSITO DE VEHÍCULOS
E ESTACIONAMENTO NO DÍA DE MERCADO**

- a) Circulación.—Nos mércores ou, de coincidir en festivo, o día en que se celebre mercado, durante o seu horario de funcionamento, das 7,00 ás 14,00 horas queda restrinxida a circulación de vehículos na Rúa Pontevedra e na Travesía r/ Pontevedra á Praza do Concello.
- b) Estacionamento.—O día de mercado, durante o seu horario de funcionamento, das 7,00 ás 14,00 horas, queda prohibido estacionar vehículos nas seguintes rúas:
 - Rúa Pontevedra: Dende o seu inicio até o cruce coa Rúa Brasil.
 - Rúa Dtor. Zunzunegui: na súa marxe dereita, dende o seu inicio até o edificio da Casa do Concello, exceptuando os vehículos de transporte de mercadurías autorizados a entrar ao mercado.
- c) Reserva de espazo.—O día de mercado, durante o seu horario de funcionamento, das 7,00 ás 14,00 horas, resérvese para estacionamento de vehículos de vendedores autorizados o vial que circunda a Praza de Abastos, no que en todo momento existirá un carril e circulación para vehículos de usuarios residentes.

**SÉTIMO.—EN TODO O NON PREVISTO NESTE ANEXO
ESTARASE AO REGULAMENTADO NA ORDENANZA
MUNICIPAL REGULADORA DO COMERCIO
AMBULANTE**

Contra a aprobación das modificacións realizadas nesta ordenanza poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación deste edicto no "Boletín Oficial" da provincia.

Salceda de Caselas, 17 de outubro do 2008.—O Alcalde,
Marcos David Besada Pérez. **2008010851**